

CONTIDOS MÍNIMOS DE LATÍN 4º ESO

- O latín, lingua flexiva: o caso, clases de palabras
- Tradución de textos curtos e sinxelos en lingua latina
- Principais regras de evolución fonética do latín ao castelán e ao galego. Palabras patrimoniais e cultismos
- Principais formantes de orixe latina; significado etimolóxico das palabras
- Principais latinismos utilizados na linguaxe habitual
- O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto de Hispania
- As pegadas materiais da romanización.
- As institucións e a vida cotiá romana
- Os temas mitolóxicos na literatura e nas artes plásticas

CONTIDOS MÍNIMOS DE LATÍN 1º BAC

- O indoeuropeo e o latín
- Breve historia da lingua latina: latín arcaico, clásico e vulgar
- Abecedario, pronunciación e acentuación
- Flexión nominal, adxectival, pronominal e verbal. Formas non flexivas
- Sintaxe dos casos. Uso das preposicións máis frecuentes
- A estrutura da oración. A concordancia de palabras. Oracións simples e compostas
- Comparación de estruturas entre o latín o galego e o castelán
- Coordinación, subordinación, xustaposición. Conxuncións subordinantes máis frecuentes
- Análise morfosintáctico e tradución de textos
- Aprendizaxe de léxico latino e principais prefixos e sufixos de orixe latina
- Nocións de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ó castelán e ó galego
- Principais expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual
- Breve historia de Roma. Organización política e social. As maxistraturas
- As clases sociais. A relixión e o exército
- A educación, a familia e os espectáculos
- O Dereito romano e a súa pervivencia

CONTIDOS MÍNIMOS DE LATÍN 2º BAC

- Revisión da flexión nominal, adxectival e pronominal. Formas menos usuais e irregulares
- Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos
- Morfosintaxe das formas nominais do verbo
- Afondamento no estudo da sintaxe dos casos
- A oración composta: coordinación e subordinación: nexos

- Afondamento no análise e na traducción dos textos, en especial, dos autores
- propostos: Eutropio e Fedro
- Formación de palabras con prefixos, sufixos e lexemas de orixe latina
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual
- Principais topónimos galegos ou casteláns de orixe latina
- Transmisión da literatura clásica. Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias
- Literatura: a poesía épica (Virxilio e Ovidio), a poesía lírica (Horacio e Catulo), a
- historiografía (Livio) a oratoria (Cicerón e Tácito) e o teatro (Plauto)
- Características diferenciadoras entre o latín, o castelán e o galego
- A romanización da Gallaecia. Vestixios en xacementos arqueolóxicos e museos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4° ESO

Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos , aspectos históricos ou culturais

Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas a mitoloxía clásica e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización

Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances e establecer a relación semántica entre palabras patrimoniais e cultismos

Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario técnico e científico

Recoñecer latinismos e locucións latinas incorporadas á linguaxe habitual

Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua

Tradución de textos breves e sinxelos e exercicios de retroversión

Saber elaborar un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da cultura romana

1ª BAC

Identificar, en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase.

Traducir textos breves latinos, preferentemente narrativos.

Recoñecer no léxico do galego e castelán as palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.

Realizar a operación inversa á anterior: dada unha palabra latina, indicar a derivada galega e castelá, explicando as principais regras de evolución fonética.

Identificar os aspectos mais importantes da historia do pobo romano e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

2° BAC

Identificar e analizar en textos latinos os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta.

Traducir ,coa axuda do dicionario, textos latinos de certa complexidade, en verso ou prosa dos autores do programa; Eutropio e Fedro.

Relacionar elementos constitutivos do latín (especialmente morfolóxicos e léxicos) cos da lingua galega e castelá.

Coñecer e saber usar as principais expresións latinas ou latinismos e recoñecer topónimos de orixe latina.

Saber explicar os rasgos diferenciadores dos xéneros literarios latinos propostos e coñecer aos autores sinalados e as obras de lectura.